

Vigo a 4 de marzo de 2011.

Prezado señor Alcalde:

Dirixímonos a vosté na súa calidade de máxima autoridade municipal, na que entre outras responsabilidades desempeña a Presidencia das sesións plenarias que celebra a corporación municipal do noso Concello.

Dun tempo a esta parte vimos observando, con fonda preocupación, a implementación de diferentes medidas que baixo a intención declarada de garantir o desenvolvemento ordenado das devanditas sesións plenarias, o que teñen provocado de feito é unha maior dificultade no acceso da veciñanza da nosa cidade ao Salón de Plenos, e que ademais percibimos que provocan malestar e rexeitamento social.

Falamos de filtros policiais obxectivamente excesivos, co despregue de máis dunha decena de axentes da policía municipal nalgún caso, de rexistros abusivos, da identificación no acceso e de medidas que noso entender supoñen arbitrariedades fondamente antidemocráticas, que vulneran dereitos fundamentais, como é a recente prohibición de acceder ao Salón de Plenos a quen porte carteis ou a a quen presuntamente participase dalgún incidente previo no desenvolvemento do Pleno.

Inda supoñendo que folga facelo queremos lembrarlle a natureza pública desas sesiónsm así como o dereito da cidadanía a asistir ás mesmas por ser nelas onde se deciden cuestións que lle afectan de cheo como administradas/os, e que se asenta no dereito a información e na obriga por parte dos representantes políticos de dación de contas perante as e os seus representados. Non se trata de concesións graciosas nin potestativas, senón de cuestións esenciais sobre as que se debe asentar unha xenuína democracia no ámbito municipal.

A Casa do Concello debe ser a casa do conxunto da cidadanía viguesa e nela as e os veciños habemos poder escoitar o que se debata e tamén expresar as nosas opinións, sempre desde o respecto e sen que supoña impedir o normal desenvolvemento das sesión dos órganos de goberno municipal, sexa manifestando adhesión mediante o aplauso ou rexeitamento portando emblemas ou consignas, sexa en camisolas, cartelería ou pegatinas. Só se pode discrepar deste extremo desde concepcións de escaso ou nulo compromiso democrático.

Por todo o manifestado queremos solicitarlle que proceda á rectificación urxente das medidas antes denunciadas, na liña de favorecer e facilitar o acceso ao Pleno de toda a cidadanía que así o desexe, xa que o contrario provoca opacidade na toma de decisións e a desafección da veciñanza para con a súa representación política no Concello. Cuestións, ambas, que entendemos empobrecen e fan máis feble a democracia municipal.

Agardando que atenda o solicitado reciba un atento saúdo veciñal.

### **A Comisión Permanente.**

FAVEC.

**ILMO. SR. ALCALDE – PRESIDENTE, D. Abel Caballero.**

**EXCMO. CONCELLO DE VIGO**